

ESCOLA DE ANTROPOLOXÍA AB ORIGINE

# CURSO TEÓRICO E PRÁCTICO DE ANTROPOLOXÍA URBANA

Coñecer, entender e aprender a observar e a investigar a cidade e os fenómenos urbanos desde a perspectiva holística que proporcionan a antropoloxía e a etnografía.

Impartido por Miguel Alonso Cambrón

DE OUTUBRO (2019) A FEBREIRO (2020)

Aula de formación de AB ORIGINE. Antropoloxía

R/ Eduardo Pondal nº31-2ºD

36003 Pontevedra

[info@aborigine.es](mailto:info@aborigine.es)





# ANTROPOLOXÍA URBANA

por Miguel Alonso Cambrón

A vida na cidade entraña peculiaridades que a fan diferente doutras formas de practicar o espazo. Os seres humanos levamos máis de dez mil anos vivindo en cidades. Na actualidade hai máis xente vivindo en cidades que fora delas, polo que é importante coñecer e entender a idiosincrasia destas formas de vida social.

Neste curso exploraremos a historia dos fenómenos urbanos dende o seu nacemento ata a actualidade, os diferentes achegamentos á vida urbana que ofrecen as investigacións académicas e activistas e as metodoloxías que ditos paradigmas xeneraron a través das moitas investigacións que se fixeron dende a investigación social.

Trátase dun curso teórico e práctico no que abordaremos tanto aspectos relativos a estes achegamentos disciplinarios como a outros relacionados co traballo de campo en contextos urbanos. Non serán precisos coñecementos previos sobre a materia e combinaremos sesións teóricas con exercicios prácticos de traballo etnográfico a partir de proxectos de investigación personalizados e tutorizados polo docente.

Aqueles/as alumnos/as cuxos traballos estivesen realizados segundo os estándares da investigación etnográfica e as indicación dadas no curso terán a oportunidade, se así o desexan, de publicar as súa investigación no anuario de antroploxía e historia Fol de Veleno.

Ademais, porase a disposición do alumnado a aula de formación de AB ORIGINE e o seu equipamento para a realización de reunións, presentación e encontros de grupos de traballo que sexan necesarios durante o desenvolvemento do curso. Facilitamos tamén o acceso para a consulta dunha ampla bibliografía dispoñible.

## DESTINADO A:

Todas aquelas persoas que quieran iniciarse na investigación etnográfica en contextos urbanos. Estudantes do grao de antroploxía ou doutras disciplinas afíns e a todas aquelas persoas que queiran incorporar a metodoloxía de investigación antropolóxica co foco nos fenómenos urbanos nas súas actividades ou recibir formación no eido da etnografía urbana.

## ESTRUTURA

O curso-obradoiro estrutúrase en catro eixos:

- Formación teórica
- Formación metodolóxica
- Investigación tutorizada
- Elaboración do texto etnográfico

# PROGRAMA

01. A cidade e a especie humana. Tecido urbano e sociabilidade.
02. **A cidade etnografiada I.** Proxecto de investigación. Deriva urbana.
03. A cidade e a historia. Xenealoxía do asentamento urbano.
04. A cidade contemporánea. Dinámicas, procesos e identidades.
05. **A cidade etnografiada II.** Proxecto de investigación. Conceptos xerais.
06. Ciencias Sociais e vida urbana I: Antecedentes.
07. Ciencias Sociais e vida urbana II: Escolas de Berlín e Chicago.
08. Ciencias Sociais e vida urbana III: Escolas de Manchester e francesa.
09. Ciencias Sociais e vida urbana IV: Aportacións contemporáneas.
10. **A cidade etnografiada III.** Proxecto de investigación. Metodoloxías.
11. A cidade e o conflito. Antropoloxía política do habitar. Emerxencia e resistencia na cidade contemporánea.
12. A cidade e os sentidos. A fenomenoloxía das texturas urbanas e o márquetin patrimonial.
13. **A cidade etnografiada IV.** Proxecto de investigación. Deseño.
14. A cidade representada. Participación, diversidade, imaxinarios e xestión da memoria.
15. **A cidade etnografiada V.** Proxecto de investigación. Autoría, reflexión e obxectividade.
16. As cidades invisibles. A vida dixital, as identidades emerxentes, a post-verdade e o Thick data.
17. **A cidade etnografiada VI.** Proxecto de investigación. Titorización.

## Profesor

O curso está impartido polo doutor en antropoloxía Miguel Alonso Cambrón

## Duración clases

2 h/semana

## Duración curso

4 meses (do 9 de outubro ata o 12 de febreiro)

## Horario

Mércores de 18:00-20:00

## Prazas

12

## Prezo

35 €/mes

## Lugar

Aula de formación de AB ORIGINE Antropoloxía  
R/ Eduardo Pondal, nº31, 2ºD  
36003 Pontevedra

## +Info

tel: 986.105.860

mail: [info@aborigine.es](mailto:info@aborigine.es)

